

PROXECTO



XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

A educación é unha ferramenta transformadora, un medio de acción. No espazo das nosas aulas e dentro da comunidade educativa, debemos traballar para recoñecer o papel fundamental das mulleres, dándolles visibilidade e fortalecendo o seu empoderamento. Non podemos obviar, como docentes, a necesidade de poñer o noso gran de area para loitar e lograr unha sociedade que apoie a igualdade entre os homes e as mulleres. Só así poderemos ofrecerlles ás nenas e futuras xeracións de mulleres referentes femininos que lles permitan alcanzar os seus soños, eliminando os estereotipos sexistas que aínda persisten na nosa sociedade.

As razóns que xustifican a realización do proxecto poderían relacionarse coas seguintes premisas:

- Promoción dunha cultura de igualdade e respecto dende a infancia: Na educación infantil e primaria, os nenos e nenas atópanse nunha fase de desenvolvemento crucial na que comezan a construír a súa identidade e a interiorizar modelos de comportamento e actitudes cara aos demais. Ao implementar este proxecto, podemos influír de xeito positivo na formación de valores de igualdade e respecto, contribuindo á construción dunha sociedade futura máis inclusiva e xusta.
- Necesidade de previr a violencia de xénero e os comportamentos discriminatorios: a prevención da violencia de xénero debe comezar a idades temperás, fomentando a empatía, o respecto e a igualdade de dereitos entre nenos e nenas. Este proxecto busca educar aos estudantes para que recoñezan, rexeiten e preveñan calquera tipo de

violencia ou discriminación de xénero no seu entorno, promovendo unha convivencia baseada no respecto e na igualdade.

- Superación dos estereotipos de xénero nun entorno rural: Nos entornos rurais, onde os modelos tradicionais de xénero adoitan estar máis enraizados, é particularmente importante fomentar unha educación que rompa con estes estereotipos. Queremos que o noso alumnado medre entendendo que as posibilidades persoais non dependen do xénero
- Impulso da diversidade afectivo-sexual como valor: A diversidade afectivo-sexual é unha realidade que debe ser valorada e respectada en todos os ámbitos da sociedade, incluído o entorno educativo. Este proxecto busca normalizar e visibilizar esta diversidade, proporcionando ao alumnado as ferramentas necesarias para comprender e respectar as diferenzas de cada individuo.

ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A continuación analizarase a situación de partida do centro, identificando os puntos fortes e débiles que determinan a situación interna do centro educativo co fin de analizar as oportunidades e ameazas do mesmo.

OBXECTIVOS

Os obxectivos que se pretenden lograr coa posta en práctica do proxecto son os seguintes:

- Romper coa transmisión dos estereotipos.

- Eliminar as desigualdades entre homes e mulleres.
- Previr e abordar a violencia de xénero.
- Pór en valor a diversidade afectivo-sexual.
- Fomento da coeducación e a igualdade.
- Promoción da igualdade entre homes e mulleres.
- Detección e tratamento das violencias machistas.
- Respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Dar visibilidade ás diversas mulleres e ás súas contribucións.
- Valorar o papel destacado das mulleres na sociedade galega.
- Promover accións para eliminar os estereotipos na comunidade educativa.
- Introducir a perspectiva de xénero nas propostas didácticas.
- Levar a cabo actividades, propostas e proxectos que promovan a equidade de xénero.
- Que toda a comunidade educativa participe na posta en práctica do proxecto.
- As familias deberán ser un axente indispensable na consecucións de obxectivos.

MEDIDAS E TEMPORALIZACIÓN

Antes de indicar as medidas que se pretenden levar a cabo cabe destacar que a programación de actividades é susceptible de ser modificada debido aos

imprevistos que poden xurdir. Ademais poderán ser ampliadas en función das oportunidades que vaian xurdindo ao longo do curso escolar.

- Actividades ao longo de todo o curso escolar 2024-2025:

Fomentar a linguaxe inclusiva e libre de estereotipos: Promover o uso dunha linguaxe respectuosa e inclusiva en todas as comunicacións do centro, tanto por parte do profesorado como do alumnado. Isto inclúe evitar a utilización de termos ou expresións que refuercen roles de xénero tradicionais e animar a usar termos neutros cando sexa posible.

Promover a igualdade de xénero nas dinámicas de aula: Asegurar que todas as actividades e tarefas dentro do centro sexan accesibles e equitativas para nenos e nenas, evitando a asignación de tarefas ou roles baseados no xénero. Fomentar a participación activa de todos os alumnos, sen discriminar en función de estereotipos.

Crear un ambiente de respecto á diversidade afectivo-sexual: Fomentar unha cultura de respecto á diversidade, facendo que todos os estudantes se sintan aceptados independentemente da súa identidade ou orientación afectivo-sexual.

Integrar a perspectiva de xénero no currículo escolar: Introducir de forma transversal a igualdade de xénero e a diversidade en todas as áreas do currículo, buscando exemplos e materiais que refuercen os valores de igualdade e non discriminación nas ciencias, as artes, a historia e outras materias.

Fomentar o traballo colaborativo e mixto: Promover actividades de aprendizaxe colaborativa que inclúan tanto a nenos como a nenas, animando ao traballo en equipo e á cooperación entre os diferentes xéneros.

Revisar e adaptar os materiais educativos: Asegurarse de que os materiais didácticos utilizados no centro non perpetúen estereotipos de xénero nin desigualdades.

Crear normas de convivencia que promovan a igualdade

Fomentar a coeducación na organización de eventos e actividades escolares: garantir que as actividades extracurriculares e eventos no centro, como competicións, festivais ou xiros, se realicen de maneira inclusiva e equitativa, evitando que os nenos e nenas se vexan relegados a roles ou actividades baseados en estereotipos de xénero.

Reproducción de cancións de autoras para os cambios de clase

Participación de mulleres da contorna en actividades do centro

- Actividades puntuais no calendario escolar:

Celebración do día internacional contra a violencia de xénero

Celebración do día da muller

Celebración do día da muller rural: elaboración de posters polo alumnado onde se mostren mulleres na contorna rural e posterior publicación nos corredores do centro para a súa divulgación.

Participación nun taller de pintado textil co fin de crear camisetas reivindicativas pola igualdade.

Contacontos de bibliografía de mulleres galegas: o alumnado investigará sobre bibliografías de mulleres galegas para logo expoñerllas aos compañeiros de cursos máis baixos e dar a coñecer as a vida de mulleres como Ángeles Alvariño, Luisa Villalta ou maruja Mallo.

Concienciación sobre os xoguetes e os estereotipos de xénero: análise de revistas de xoguetes para analizar estereotipos de xénero e creación de carteis reivindicativos.

Contacontos na biblioteca: polo Día da Biblioteca e en outras datas contaremos con diferentes mulleres contacontos que virán ao cole para poñer en valor a lectura e a igualdade de xénero.

Celebración do día de Rosalía de Castro

O deporte feminino: posta en práctica dunha situación de aprendizaxe na que se reflexiona sobre a pouca visibilidade nos medios sobre as mulleres no deporte.

Celebración da semana da prensa: creación de muráis con recortes de periódico sobre a igualdade.

Visita de mulleres galegas: co fin de que os nenos e nenas teñan diferentes modelos de referencia.

Proxecto de centro: o proxecto de centro para este curso é sobre a arte e a pintura. Levaranse actividades nos que se traballará dito proxecto con perspectiva de xénero para que o alumnado cree propostas que favorezan a igualdade deixando ver a súa faceta máis artística. Ademáis o alumnado poderá coñecer diferentes mulleres artistas e as súas obras.

IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS E COLABORACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Para garantir o éxito do proxecto de igualdade e diversidade no noso centro educativo, a implicación activa das familias e do concello é fundamental. A colaboración entre a comunidade educativa, as familias e as institucións locais reforza o impacto das actividades e iniciativas, creando un ambiente no que os valores de igualdade, respecto e diversidade transcenden o ámbito escolar e se expanden a todo o entorno social e familiar.

As familias xogan un papel clave na formación dos valores e actitudes dos nenos e nenas, polo que o seu compromiso co proxecto é esencial. A súa implicación permite reforzar os conceptos traballados na escola, facendo que os valores de igualdade e diversidade transcendan o horario escolar e se integren na vida cotiá. Este proxecto busca implicar as familias para que, a través do coñecemento e a sensibilización, se comprometan a apoiar e reforzar os obxectivos educativos do centro. Coa súa participación, esperamos promover un entorno de apoio mutuo entre escola e fogar, onde os nenos e nenas poidan crecer en igualdade e respecto.

A colaboración do concello representa un apoio institucional importante que permite ampliar o alcance e o impacto do proxecto. O concello, como entidade local de referencia, ten a capacidade de apoiar e promover iniciativas que fomenten a igualdade e a inclusión no ámbito comunitario. A súa implicación non só enriquece o proxecto, senón que tamén axuda a consolidar unha cultura de igualdade a nivel municipal, proporcionando apoio á comunidade educativa e contribuíndo a un entorno máis xusto e inclusivo.

A través do apoio mutuo e da colaboración, conseguimos que este proxecto non só beneficie aos nenos e nenas no ámbito escolar, senón que tamén deixe unha pegada positiva e duradeira na comunidade, fomentando unha sociedade máis igualitaria, respectuosa e solidaria.

NECESIDADE DE NOVOS RECURSOS

A implementación deste proxecto de igualdade e diversidade require recursos adicionais que permitan realizar actividades enriquecedoras e que aseguren o alcance e a efectividade das iniciativas propostas. Para garantir a máxima calidade e impacto, é fundamental contar cun apoio económico por parte da administración, así como coa colaboración de persoas referentes e expertas en igualdade, diversidade e prevención da violencia de xénero.

A dotación económica é esencial para poder levar a cabo as actividades programadas e para cubrir os gastos de materiais e recursos didácticos. Ademais, unha partida económica asignada pola administración axudaría a garantir a continuidade do proxecto ao longo do curso, asegurando que as actividades non dependan exclusivamente dos recursos internos do centro.

Para inspirar ao alumnado e ofrecer exemplos reais que desafíen estereotipos de xénero, resulta fundamental a participación de persoas referentes, especialmente mulleres que se teñan destacado en diferentes áreas profesionais, científicas, deportivas ou culturais. Estas visitas permiten que o alumnado teña acceso a modelos de rol que contribúan a romper cos estereotipos e que lles mostren novas posibilidades de desenvolvemento persoal e profesional.

A participación da administración mediante apoio económico, a colaboración de persoas referentes e a organización de actividades de sensibilización son elementos que potencian a eficacia das accións propostas, garantindo que o proxecto sexa inclusivo, enriquecedor e sostible. Estes recursos permitirán que o proxecto teña un impacto duradeiro, tanto no ámbito escolar como na comunidade, promovendo un entorno máis igualitario e respectuoso.

PROCESO DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PROXECTO

A avaliación do proxecto realizarase en diferentes etapas ao longo do curso académico, co obxectivo de medir de forma sistemática e precisa o impacto das actividades e identificar áreas de mellora. Este proceso de avaliación será integral e colaborativo, implicando a todos os membros da comunidade educativa: alumnado, familias e profesorado. A continuación, descríbense as etapas e ferramentas previstas para realizar a avaliación e o seguimento do proxecto.

Antes de iniciar o proxecto, realizarase unha análise da situación de partida para comprender o nivel de coñecemento, actitudes e percepcións do alumnado, das familias e do persoal docente en relación á igualdade de xénero, a diversidade afectivo-sexual e a prevención de violencia de xénero.

Esta avaliación inicial permitirá establecer unha base de referencia que servirá para comparar e medir o impacto real do proxecto ao final do curso. Para isto, poderanse empregar cuestionarios ou entrevistas iniciais adaptadas a cada grupo.

Ao longo do desenvolvemento do proxecto, realizaranse sesións de seguimento periódicas para avaliar o avance das actividades, o grao de implicación de cada grupo participante e os resultados que se van obtendo en relación aos obxectivos propostos. Estas sesións serán tamén un espazo para a retroalimentación, onde se recollerán opinións e suxestións sobre o desenvolvemento do proxecto, permitindo realizar axustes ou modificacións se fora necesario.

Ao finalizar o proxecto, realizarase unha avaliación final para medir o impacto global das accións realizadas e determinar se se acadaron os obxectivos propostos. Compararanse os resultados obtidos coas valoracións iniciais para analizar se houbo un cambio significativo nas actitudes, coñecementos e comportamentos do alumnado, das familias e do profesorado en relación aos valores de igualdade e respecto pola diversidade.

INDICADORES DE LOGRO

Para medir o alcance e a eficacia do proxecto, establecemos unha serie de indicadores de logro específicos para cada un dos obxectivos propostos. Estes indicadores permitirán avaliar o impacto das accións realizadas, así como identificar áreas de mellora e axustar as estratexias conforme ás necesidades detectadas na comunidade educativa.

Romper coa transmisión dos estereotipos de xénero

- Disminución no uso de linguaxe e comportamentos estereotipados entre o alumnado e o profesorado.
- Observación de cambios na percepción do alumnado sobre roles de xénero en diversas actividades, recollidos en enquisas ou entrevistas.

Eliminar as desigualdades entre homes e mulleres

- Distribución equitativa da participación en actividades escolares sen discriminación de xénero.
- Medición do nivel de igualdade percibido en tarefas e responsabilidades no entorno escolar.

Previr e abordar a violencia de xénero

- Aumento no coñecemento sobre os tipos de violencia de xénero entre o alumnado.
- Redución de comportamentos de risco relacionados coa violencia de xénero en actividades escolares.

Pór en valor a diversidade afectivo-sexual

- Incremento no grao de aceptación e respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Inclusión de referentes de diversidade afectivo-sexual en materiais didácticos e actividades escolares.

Fomento da coeducación e a igualdade

- Realización e integración de actividades e dinámicas de coeducación en todas as aulas.

- Niveis de participación equitativa entre nenos e nenas nas actividades propostas.

Promoción da igualdade entre homes e mulleres

- Aumento da visibilidade de roles igualitarios en actividades escolares e materiais educativos.

- Satisfacción do alumnado e das familias sobre a percepción de igualdade.

Respecto pola diversidade afectivo-sexual

- Redución de actitudes discriminatorias observadas ou rexistradas por parte do profesorado e das familias.

- Niveis de satisfacción do alumnado sobre o ambiente de respecto á diversidade afectivo-sexual.

Dar visibilidade ás diversas mulleres e ás súas contribucións

- Inclusión de figuras femininas relevantes en contidos curriculares e en actividades escolares.

- Realización de eventos ou actividades onde se destaque o papel de mulleres galegas ou de diversas disciplinas.

Valorar o papel destacado das mulleres na sociedade galega

- Creación de proxectos que amosen figuras femininas galegas destacadas, presentados en exposicións ou actos escolares.

- Aumento no coñecemento do alumnado sobre a historia e contribución das mulleres galegas.

Promover accións para eliminar os estereotipos na comunidade educativa

- Número de actividades realizadas con contidos específicos para romper estereotipos.

- Niveis de satisfacción das familias sobre a eliminación de estereotipos na escola.

Introducir a perspectiva de xénero nas propostas didácticas

- Incorporación de criterios de igualdade de xénero nos programas e unidades didácticas do curso.

- Revisión e adaptación de materiais didácticos para asegurar que non inclúan estereotipos de xénero.

Levar a cabo actividades, propostas e proxectos que promovan a equidade de xénero

- Número total de actividades relacionadas coa igualdade de xénero realizadas ao longo do curso.

- Nivel de participación do alumnado en actividades de igualdade..

Que toda a comunidade educativa participe na posta en práctica do proxecto.

- Taxa de participación de todos os membros da comunidade educativa en actividades e reunión.

- Medición da satisfacción e grao de coñecemento do proxecto entre as familias, profesorado e alumnado.

As familias como axente indispensable para a consecución dos obxectivos.

- Número de sesións e encontros informativos realizados coa participación das familias.

- Nivel de compromiso das familias nas actividades do proxecto, medido a través da súa asistencia e colaboración nas diferentes actividades e obradoiros.

CONCLUSIÓN

O proxecto de igualdade e diversidade representa un compromiso fundamental do centro educativo coa formación integral do noso alumnado, promovendo valores de respecto, inclusión e igualdade que trascenden o ámbito escolar. Ao longo deste proxecto, buscamos non só sensibilizar e educar en igualdade de xénero e diversidade afectivo-sexual, senón tamén romper coas barreiras e estereotipos que limitan o desenvolvemento persoal e social dos nenos e nenas.

Con este proxecto, o noso centro educativo aspira a ser un referente en educación en valores de igualdade, traballando activamente para que o alumnado creza nun ambiente libre de discriminación, onde se valore a diversidade e se recoñeza a igualdade de oportunidades como principio básico dunha sociedade máis xusta e equitativa.

En definitiva, este proxecto é un paso firme cara á transformación social, unha contribución á creación dunha sociedade na que as novas xeracións poidan medrar respectando as diferenzas, promovendo a igualdade e rexeitando calquera forma de violencia ou discriminación. É a nosa aspiración que esta

iniciativa perdure no tempo e deixe unha pegada positiva tanto no alumnado como no conxunto da comunidade, fortalecendo a convivencia e fomentando unha cultura de paz e igualdade.